

## Comunicación sobre proxectos de Apoio a Producción Cinematográfica, xaneiro 2024 - 6%

Santiago, 26.01.2024

Dando cumprimento á modificación da resolución da Dirección Xeral da Corporación RTVG do 4 de abril de 2022 relativa ao procedemento de presentación de proxectos de producións audiovisuais de interese, de entre os proxectos recibidos nos últimos meses, a Comisión Directiva de Avaliación de Proxectos de Apoio á Producción Cinematográfica da Corporación RTVG acordou participar en 9 das 18 propostas recibidas: 7 novos proxectos cinematográficos e dúas longametraxes documentais, unha delas un documental de creación.

Entre as longametraxes cinematográficas atópanse cinco producións de identidade galega e con claro carácter autoral: *As augas*, producida por Maruxiña Film Comany, opera prima da actriz Leticia Sola, que presenta un drama intimista a partir dunha vivencia persoal; *Petróleo*, producida por Zuzú Cinema, que nace dun novo talento emerxente do cinema galego, Álvaro Pulpeiro, e que poderíamos definir como un *western* moderno; *Onte á noite conquistei Tebas*, un novo proxecto de Filmika Galaika que significará o debut cinematográfico de Gabriel Azorín e que aúna relatos en épocas distantes nun lugar común: as termas de Bande; *Monstro*, cine fantástico dirixido por Andrés Goteira no que o protagonista transita mundos misteriosos; e *Tralovento*, unha proposta artística dirixida por Eloy López Serén que ofrece un retrato íntimo nunha aldea rural.

As outras dúas longametraxes teñen outros compoñentes: *Revolución sen sangue* é un proxecto que chega da man de Producións a Fonsagrada que vén para documentar desde a ficción un momento crucial na historia política e social de Portugal; e *Leo & Lou*, por outra banda, é unha película aberta e amable con rodaxe íntegra en Galicia que ten como ambición chegar ao gran público.

En relación ás longametraxes documentais, a selección prevé dous proxectos de corte diferenciado: un documental producido por Miramemira que aborda a vida e repercusión social dunha icona da cultura popular e musical galega, *Ana e máis nos*, pero coa singularidade de que o foco se centra na relación da artista Ana Kiro e o seu público; o outro proxecto, *Prefiro Condenarme*, é un documental creativo que conta a historia real dunha muller maltratada desde a perspectiva da cineasta Margarita Ledo que utiliza os lugares e as imaxes de arquivo como ferramentas para que aflore a memoria.

A proposta da Comisión baséase nos criterios da devandita modificación da resolución da Dirección Xeral da Corporación RTVG, que se enmarca nos seguintes obxectivos e características:

- Favorecer a tarefa común de creación e sostemento dun sector audiovisual en Galicia que busque tamén unha mellora da sociedade, mesmo no aparentemente máis simple cometido do tempo libre e de lecer.

- Apoiar na creación audiovisual unha identidade propia como un proceso aberto onde a Corporación participe en proxectos de promoción e ampliación de produtos feitos polo sector da creación cinematográfica e como servizo que promova a garantía da continuidade dos sinais identitarios da Comunidade.
- Participar en proxectos que destaquen pola súa creatividade, calidade, viabilidade e con capacidade de repercusión na sociedade, polos medios tradicionais ou a través da súa presenza mediática nas redes sociais.
- Facer un esforzo adicional no investimento en proxectos presentados do ámbito cinematográfico, que inclúe a Lei 13/2022, do 7 de xullo, de paso que se contribúe a financiar películas e documentais, ben participando directamente na súa produción ou ben mediante a adquisición de dereitos, de acordo co Real Decreto 988/2015 do 30 de outubro.
- Ademais da calidade e viabilidade, préstase atención ao valor artístico e ao vencellamento coas realidades social e cultural galegas.
- Téñense en conta asemade os recursos humanos, biografías dos autores e historia das produtoras. De igual xeito, valóranse os recursos económicos implicados, así como as gravacións en territorio galego.

A comisión directiva de apoio ás producións cinematográficas acordou así a participación da Corporación RTVG nos seguintes proxectos cinematográficos:

*"As Augas" de Maruxiña Film Company, S.L.*

As augas é unha historia xeracional profundamente feminina, de mulleres reais que teñen unha revelación e deciden saltar por riba de todo convencionalismo social. Trátase dunha peza intimista e poética na que Nora, Marina e Nadia, tres amigas de corenta ano, comparten unha viaxe interior que as levará a formar o seu propio modelo de familia.

Esta longametraxe será o debut como directora da actriz Leticia Sola, recoñecida pola súa participación en producións como Os Atlánticos ou Pazo de Familia. A acción principal ten lugar en Verín e Ourense e no elenco figuran tres actrices de primeiro nivel: a propia Leticia, Melania Cruz e Marta Lado.

A película conta xa co apoio de Agadic e vén da man dos produtores executivos Alfonso Zarauza e Dani Froiz, que destacan pola súa traxectoria no marco do Novo cinema Galego e que unen forzas para impulsar un proxecto de gran potencial.

Proposta de achega por parte da TVG: 126.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación noutros dereitos de explotación.

*"Petróleo" de Zuzú Cinema, S.L.*

Este proxecto nace do talento de Álvaro Pulpeiro, un cineasta galego emerxente con clara proxección internacional e por tanto con potencial para chamar a atención do circuíto de festivais. *Petróleo* enmárcase no xénero do neowestern psicolóxico e leva o espectador nunha viaxe polas paisaxes petroleiras dun futuro próximo no contexto dunha aguda crise enerxética.

A traxectoria do proxecto acadou diversos e significativos apoios: Axuda a Desenvolvemento de Guión Agadic 2022, axuda do Ciclic Fondo de Desenvolvemento Val del Loire 2023 e foi tamén seleccionado nas Residencias da Academia del Cine Española 2023.

A longametraxe constrúese sobre unha coprodución internacional liderada por Xavi Font entre as produtoras Zuzú Cinema (Galicia), Le Plein de Super (Francia) e Cámara Lenta (Colombia) máis a distribución a cargo de Sindicato (Canadá).

Proposta de achega por parte da TVG: 75.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación noutros dereitos de explotación.

*"Ana e mais nós " de Miramemira, S.L.*

Esta película é un documental de estilo ecléctico e pop que quere achegar unha ollada aberta sobre Ana Kiro, unha icona musical á altura de Dolly Parton, Raffaella Carrá ou Amalia Rodrigues que deixou unha fonda pegada na cultura galega. O documental "Ana e mais nós" esencialmente é unha historia de amor entre unha cantante e o seu público cunha forte carga emocional.

Desde o punto de vista financeiro este documental musical é ambicioso e conta xa co apoio de Agadic. As televisións públicas (RTVE, TV3 e TVG) teñen tamén un papel moi significativo nesta produción, xa que o proxecto incorpora valiosas imaxes do arquivo histórico de cada televisión. O proxecto está liderado pola unión de tres produtoras: Miramemira, Amorambre Films e Zuzú Cinema.

Proposta de achega por parte da TVG: 45.000.-€ en concepto de contribución como coprodutor e compra de dereitos de emisión.

*"Prefiro condenarme " de Nós, Productora Cinematográfica Galega, S.L.*

Un documental de creación co selo de Margarita Ledo a modo de particular homenaxe aos 40 anos do pequeno filme inaugural "Mamasunción" de Chano Piñeiro. É un filme de non-

ficción que relata a historia real dunha muller que vivía nunha situación de maltrato á que o tribunal eclesiástico lle deu a razón ante quen a acusaba de adulterio.

As actrices serán a propia Sagrario, a protagonista, e Melania Cruz nunha nova volta á perspectiva de xénero cunha muller de certa idade no centro da historia.

Proposta de achega por parte da TVG: 35.000.-€ en concepto de contribución como coprodutor e compra de dereitos de emisión.

*"Onte á noite conquistei Tebas" de Filmika Galaika, S.L.*

Un proxecto de marcado carácter autoral que reflexiona sobre a amizade e que será a primeira obra de ficción dirixida por Gabriel Azorín. Os seus traballos anteriores tiveron unha ampla traxectoria en diversos festivais como o de San Sebastián, Entrevues de Belfort, o Festival de Cinema Europeo de Sevilla, Ficunam, Zinebi, Curtocircuíto ou Porto/Post/Doc.

Onte á noite conquistei Tebas é a historia dun abrazo e tamén é a historia dunha despedida, a de Aurelio e Pompeyo, dous soldados romanos. Ambos os relatos conflúen no mesmo lugar a pesar de estaren separados por 2.000 anos e reflíctense un no outro. Unha historia na que a localización da rodaxe, as termas de Bande, se converte nun elemento diferencial e clave para o filme.

A película é o froito dunha coprodución natural a tres bandas entre Filmika Galaika, Dvein e a portuguesa Bando à Parte, e conta cunha estrutura financeira sólida que inclúe o apoio de Agadic, o ICAA, o ICA portugués e a participación das televisións públicas RTVE e RTP. Por outra parte, teñen xa pechados acordos de distribución nacional e internacional con Shellac, Vitrine Filmes e Begin Again.

Proposta de achega por parte da TVG: 140.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación noutros dereitos de explotación.

*"Revolución sen sangue" de Producións A Fonsagrada, S.L.*

"Revolución sen sangue" é unha longametraxe de ficción inspirada en feitos reais acontecidos durante a revolución portuguesa do 25 de abril de 1974. Este filme, cunha forte carga emocional e humana, pretende homenaxear os mortos a través dunha viaxe de descuberta na que o espectador se fará consciente da importancia deste momento clave na historia do país veciño.

É unha coprodución con Portugal de Producións A Fonsagrada con Station Ware, enmarcada na liña de colaboración coa RTP, que conta ademais co apoio do ICA portugués e a distribución de Filmax e mais a portuguesa Cinemundo.

Proposta de achega por parte da TVG: 80.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión.

*"Monstro" de Gaitafilmes, S.L.*

"Monstro" é a nova proposta de Gaita Films, dirixida por Andrés Goteira. O director achéganos agora un proxecto fantástico e minimalista que roza a experimentación, pero sen perder a súa persoal mirada de autor que probablemente volverá a espertar interese no circuío dos festivais de xénero.

A obra rodarase integramente en Galicia, no Courel, en Castro de Rei e en Vigo, e estará protagonizada polo recoñecido actor Antonio Durán "Morris" e por Iván Marcos.

"Monstro" traza unha viaxe entre dous mundos antagónicos onde a curiosidade leva o protagonista a adentrarse nun mundo totalmente diferente ao que coñece e no que terá que enfrontarse aos seus "monstros" para sobrevivir.

A base financeira da película é sólida debido aos apoios de Agadic e do Icaa; conta ademais co acordo do axente de vendas 39 escalones, que lles facilitará acceso nos mercados internacionais.

Proposta de achega por parte da TVG: 90.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación noutros dereitos de explotación.

*"Tralovento" de Zeitun Films, S.L.*

Tralovento será o novo proxecto de Eloy López Serén. Unha proposta artística e conceptual de autor que dialoga de xeito directo cos seus anteriores traballos Rompente ou Hamada. Neste caso a protagonista, Ana, regresa á súa aldea e sente a necesidade de implicarse no debate que divide os veciños en relación coa instalación dun parque eólico.

A historia estará ambientada nas aldeas do interior da provincia de Ourense, que serán un compoñente visual clave na longametraxe.

Estamos ante unha coprodución internacional con Suecia que conta cun plan de financiamento maduro, apoiada por Agadic e Media Creative Europe na fase de desenvolvemento, e que conta agora na produción tamén coa axuda de Agadic e das axudas selectivas do ICAA .

Tralovento é un filme enraizado no local pero tamén de interese universal e coa potencialidade de levar o selo do talento creativo galego ao circuío dos festivais de primeira liña nacional e internacional.

Proposta de achega por parte da TVG: 130.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación noutros dereitos de explotación.

*"Leo & Lou" de Aurora Audiovisual, A.I.E.*

Leo & Lou é a ópera prima de Carlos Solano, unha fábula accesible a tódolos públicos que poderíamos definir como <feel good> e de carácter comercial. A película está contada de forma lixeira e amable, a metade de camiño entre unha road movie e unha película de aventuras, e fálanos das relacións humanas e do extraordinario significado da palabra "familia".

Leo & Lou vertébrase partindo dunha coprodución internacional, neste caso con Bélxica. Conta cun orzamento relativamente alto, cun 40 % da financiamento confirmado grazas a apoios como: a axuda de desenvolvemento Slate Funding do programa Media, a participación de RTVE e aos acordos de distribución con Filmax a escala nacional e internacional.

O casting correrá da man de Conchi Iglesias, que terá moi en conta a química co protagonista, encarnado por Hovik Keuchkerian, para a escolla da nena que interpretará a Leo.

A rodaxe farase integramente en Galicia.

Proposta de achega por parte da TVG: 120.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación noutros dereitos de explotación.